



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANA DE BERGANTIÑOS

Actualización das retribucións a percibir polo desempeño de cargos con dedicación exclusiva.

ANUNCIO: RETRIBUCIÓN DOS CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

Aos efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 75 da LBRL procédese a dar publicidade no Boletín Oficial da Provincia ao acordo Plenario de data 29 de decembro de 2022, polo que se actualizan as retribucións dos cargos que se desenvolven en réxime de dedicación exclusiva:

- Alcalde : 45.330,75 €/ano
- Concelleiro de Obras e Servicos: 33.635,84 €/ano

Cabana de Bergantiños, a 30 de decembro de 2022

O Alcalde

Asdo. José Muño Domínguez

2022/8580

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANA DE BERGANTIÑOS

Publicación de acordos polo Pleno organizativo

Asunto: resolucións da Alcaldía sobre nomeamento dos tenentes de alcalde, nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, así como de delegacións xenéricas de competencias da Alcaldía en membros da corporación

1.–Esta Alcaldía ditou o 12 de xullo de 2019 a resolución número 377 co seguinte teor literal:

Considerando que de acordo ó establecido no artigo 20.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases réximen local (LBRL), os tenentes de alcalde son un órgano necesario en todo Municipio e a Xunta de Goberno Local en todo aquel cunha poboación superior ós 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento Orgánico (ROM) ou o acorde o Pleno.

Prevese no ROM. Arts 4, 9, 10 e 11, a Xunta de Goberno Local como órgano de goberno da organización municipal do Concello de Cabana de Bergantiños.

Considerando que corresponde ó alcalde o nomeamento dos tenentes de alcalde, así como, dos membros da Xunta de Goberno Local segundo o recollido nos artigos 23 da LBRL e 35, 38, 46, 112 e 113 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais (ROF).

Considerando que no artigo 11 do ROM, se establece que a Xunta de Goberno celebrará sesións ordinarias o segundo e último xoves de cada mes ás 19.30 horas, e que segundo o art. 8.2 do ROM o número de tenentes de alcalde non poderá exceder do número de mebros da Xunta de Goberno Local (1/3 do número legal de membros)

Considerando que está previsto que o alcalde pode delegar parte das súas competencias na Xunta de Goberno Local coas formalidades e requisitos establecidos nos artigos 43, 44, 45 e 114 a 118 do ROF,

RESOLVO:

Primeiro.–Nomear aos seguintes tenentes de alcalde do Concello de Cabana de Bergantiños:

- Primeira tenente de alcalde: SHEILA RE CAREY VARELA.
- Segunda tenente de alcalde: BEGOÑA TORRADO LEMA.
- Terceiro tenente de alcalde: BORJA ANDRADE MONTES.

Segundo.–Nomear ós seguintes concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Cabana de Bergantiños:

- SHEILA RE CAREY VARELA.
- BEGOÑA TORRADO LEMA.
- BORJA ANDRADE MONTES.

Terceiro.–Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do alcalde, incluída a facultade de resolver os recursos de reposición contra os acordos que adopte este órgano colexiado nestas materias:

- Outorgamento, denegación, cambios de titularidade, prórrogas nos prazos de execución e demais incidencias relacionadas coas licencias urbanísticas de obras maiores e de actividades, así como o seguimento de comunicacións previas e declaracións responsables en materia de urbanismo.
- Expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.
- Aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ó Pleno e a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- Ratificación de cesións urbanísticas.
- Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas por importe superior a 3000,00 €.
- Aprobación ou rexeitamento de certificacións de obras e das facturas correspondentes.

– Devolución de avais.

– Resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial da administración municipal competencia da Alcaldía.

Cuarto.–Ordenar a publicación da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e notificala ós interesados e ás interesadas.

Quinto.–Comunicar este acordo ós diferentes servizos municipais e dar conta do presente acordo ó Pleno na seguinte sesión que se convoque.”

2.–Esta Alcaldía ditou o 12 de xullo de 2019 a resolución número 374 co seguinte teor literal:

“Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2019-2023, en virtude da sesión especial que tivo lugar o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións celebradas o 26 de maio de 2019, é procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Cabana de Bergantiños.

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 21.1.a) da LRBRL corresponde ao alcalde dirixir o goberno e a administración municipal.

Considerando o disposto no artigo 23.4 da LRBRL e nos artigos 43, 44, 45 e 1147 a 118 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, nos que se recolle a posibilidade de que o alcalde delegue con carácter xeral competencias nos membros da Xunta de Goberno Local e con carácter específico noutros concelleiros ou concelleiras.

Á vista do réxime xurídico desas delegacións e no uso das atribucións que me confire a normativa legal vixente.

Considerando as competencias que o artigo 21 LRBRL atribúe ao alcalde coas limitacións recollidas no seu parágrafo terceiro, así como demais lexislación concordante, RESOLVO:

Primeiro.–Crear e efectuar a seguintes delegacións xenéricas de competencias desta Alcaldía a favor dos membros da Corporación que se relacionan a continuación, correspondendo a cada unha as Concellarías do mesmo nome:

- Concellería de Sanidade e Servizos Sociais: dona Sheila Recarey Varela.
- Concellería de Educación e Xuventude: dona Sandra Méndez Blanco.
- Concellería de Turismo, Medio Ambiente e Medio Rural: dona M.ª Esmeralda Gerpe Rodríguez.
- Concellería de Economía, Industria, e Urbanismo: don Borja Andrade Montes
- Concellería de Traballo e Formación: dona Sonia Sande Lista.
- Concellería de Relacións Veciñais e Participación Cidadá: dona Begoña Torrado Lema.

Terceiro.–Estas delegacións dependerán no desempeño das súas funcións directamente do Sr. alcalde, comprendendo a xestión e coordinación dos servizos correspondentes, sen que en ningún caso poidan resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros..

Cuarto.–Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e notificala aos concelleiros/as delegados, así como aos xefes das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.

Quinto.–Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar”.

Cabana de Bergantiños, 18 de xullo de 2019.

O alcalde

Asdo: José Muíño Domínguez

Asunto: acordos do Pleno de 17.07.2019. Sesión organizativa

No Pleno da Corporación celebrado o 17 de xullo de 2019 adotáronse, entre outros, os seguintes acordos:

1.–APROBACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.

Primeiro.–O Pleno do Concello de Cabana de Bergantiños, órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal, previa convocatoria efectuada ao efecto pola Alcaldía, realizará sesións ordinarias no Salón de Plenos todos os últimos xoves non festivos de cada mes impar ás 20:00 horas, en primeira convocatoria e dous días despois á mesma hora, en segunda. Cando o xoves sexa festivo, a sesión terá lugar o segundo día hábil inmediato anterior ou posterior, á mesma hora.

Segundo.–Comunicar o presente acordo aos diferentes servizos municipais, aos voceiros dos grupos políticos municipais e presidentes das comisións informativas que se constituán.

2.–DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Primeiro.–Delegar na Xunta de Goberno Local as materias de competencia plenaria susceptibles de delegación enumeradas no art. 22.4 da LBRL, así como calquera outra competencia delegable en virtude do establecido na lexislación correspondente.

Segundo.–Ordenar a publicación da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e notificala ós interesados e ás interesadas.

Terceiro.–Comunicar este acordo ós diferentes servizos municipais e dar conta do presente acordo ó Pleno na seguinte sesión que se convoque.

3.–APROBACIÓN DO NÚMERO E DENOMINACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Primeiro.–Crear as seguinte Comisións Informativas Permanentes:

- Comisión de Asuntos do Pleno, que será presidida polo alcalde ou quen o substitúa legalmente, e integrarase ademais de polo alcalde por dous concelleiro do Grupo do Partido Popular e un concelleiro do Grupo Mixto, poidendo ter cadanseus suplentes. Esta comisión terá por obxecto informe ou consulta dos asuntos que haxan de ser sometidos á decisión do Pleno e da Comisión de Goberno cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando haxan de adoptarse acordos declarados urxentes. Igualmente informarán aqueles asuntos da competencia propia da Comisión de Goberno, e do alcalde ou presidente, que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles.
- Comisión Especial de Contas que será presidida polo alcalde ou quen o substitúa legalmente, e integrarase ademais de polo alcalde por dous concelleiro do Grupo do Partido Popular e un concelleiro do Grupo Mixto, poidendo ter cadanseus suplentes.

Actuará como Comisión Especial de Contas no exame, estudo e informe de tódalas contas, orzamentarias e extraorzamentarias que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da materia.

Así mesmo deberá ditaminar todos os asuntos de competencia plenaria con incidencia económica.

Esta comisión celebrará sesión dentro dos prazos legalmente establecidos cando sexa procedente de conformidade co previsto na lexislación de réxime local e de facendas locais, en canto actúe como Comisión Especial de Contas. Así mesmo, celebrará sesión sempre e cando existan asuntos que se deban ditaminar ou informar da súa competencia, alomenos antes da convocatoria do Pleno da Corporación.

Segundo.–Manter a seguinte Comisión Informativa Especial co obxecto sinalado no acordo de constitución (sesión plenaria de 30/03/2017)

1.–Comisión Informativa Permanente de seguimento dos traballos de elaboración do PXOM.

A adscripción concreta a cada comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo político realizarase mediante escrito do voceiro do grupo político dirixido ao alcalde-presidente e do que se dará conta ao Pleno Corporativo. Poderá designarse, de igual xeito, os suplentes de cada titular.

O alcalde é o presidente nato das Comisións Informativas; sen embargo, a presidencia efectiva da Comisión Informativa poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión Informativa, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

Terceiro. As Comisións Informativas Permanentes realizarán reunións ordinarias, sempre e cando existan asuntos que se deban ditaminar ou informar, alomenos antes da convocatoria do Pleno da Corporación. Ditas sesións ordinarias terán lugar no día e hora que estableza o alcalde da Corporación na convocatoria, tal e como preceptúa o artigo 134 do ROF. Do mesmo xeito, poderán ter lugar sesións extraordinarias ou urxentes, cando existan asuntos que sexa preciso informar ou ditaminar. O seu funcionamento axustarase ao disposto no capítulo II do título IV do ROF (artigos 134 a 138)

Cuarto. Requirir aos diferentes grupos políticos municipais para que no prazo de cinco (5 días hábiles) comuniquen o nomeo dos concelleiros/as que adscribirán a cada comisión informativa e do suplente ou suplentes de cada un deles

4.–APROBACIÓN DOS CARGOS CON ADICACIÓN EXCLUSIVA.

Vista a resolución núm. 301/2019, do 18 de xuño, pola que aprobou a delegación xenérica de competencia da Alcaldía a favor de Carlos Allo Cundíns que ostentará a delegación de Obras e Servizos, que comprende a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, sen que en ningún caso poida resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Resultando que ningunha das concelleiras sobre os que recaen as delegacións nas materias citadas perciben retribución ningunha con cargo aos orzamentos doutras Administracións Públicas nin dos entes, organismos ou empresas desas dependentes, e non desenvolven actividades privadas, incluídas as profesionais, nin por conta propia nin allea, que se relacionen directamente coas que ostentan, segundo manifestan persoalmente cada un deles.

Considerando o artigo 75 da Lei de bases do réxime local, segundo os cales os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desenvolvan con dedicación exclusiva ou parcial, determinándose neste caso as retribucións en función do tempo de adicación efectiva ás responsabilidades ou delegacións que a motivaran.

Considerando o artigo 14 da Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, que sinala que o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fora das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade, sendo o Pleno o órgano competente para a súa aprobación.

Considerando o artigo 13.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo o cal será o Pleno, a proposta do presidente, o que determinará a relación de cargos da Corporación que se desenvolverán en réxime de dedicación exclusiva e as contías das súas retribucións, o Pleno Corporativo ACORDA:

Primeiro.–Acordar a aprobación da dedicación exclusiva para o alcalde e os cargos de concelleiro/as que ostenten delegación específicas pola dirección e xestión dos servizos e que é a Concellería de obras e Servizos.

Segundo. Fixar as seguintes retribucións brutas a percibir en catorce pagas, doce correspondentes a cada mensuralidade do ano e dúas restantes correspondentes as mensuralidades de xuño e decembro (co mesmo período de devengo que o disposto na normativa aplicable a empregados públicos):

- O alcalde: 42.452,24 €.
- Concelleiro de Obras e Servizos: 31.500 €.

Estas cantidades serán incrementadas de forma automática na cantidade que resulte de aplicar o aumento en termos porcentuais das retribucións dos altos cargos do Estado e dos empregados públicos que se deduza do establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado en cada exercicio e na normativa establecida ao efectos.

Los tenentes de alcalde terán dereito as retribucións para a Alcaldía nos casos de substitución da alcaldía nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, polos días nos que efectivamente o substitúan.

Terceiro.–Dar de alta no Réxime de Xeral da Seguridade Social ao Sr. alcalde e aos concelleiros que ostenten as delegacións específicas para as que se recoñece o réxime de dedicación exclusiva, con efectos desde o 15 de xuño de 2019 para o Sr. alcalde e o desde o 18 de xuño de 2019 para o concelleiro de Obras e Servizos. Debendo asumir o Concello de Cabana de Bergantiños o pago das cotas empresarias que correspondan.

Cuarto.–De acordo co artigo 13.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o nomeamento dos membros da Corporación para algún destes cargos, unicamente surtirá efectos no momento no que se sexa aceptado expresamente por estes, o que se comunicará ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

Quinto.–De acordo co artigo 75.5 da Lei de bases do réxime local, o acordo plenario proposto deberá ser publicado integramente no Boletín oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello.

Sexto.–Dar conta do acordo que adopte o Pleno á Intervención e Secretaría municipais.”

5.-APROBACIÓN DE INDEMNIZACIÓN POR ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS.

Primeiro.–Aprobar as seguintes contías por asistencia a órganos colexiados para aqueles concelleiros e concelleiras que non perciban dedicación exclusiva o parcial:

- a) Pleno: 100 € por membro e sesión.
- b) Comisións informativas: 100 € por membro e sesión.
- c) Xunta de Goberno local: 150 € por membro e sesión.

Segundo.–Publicar o correspondente anuncio no BOP aos efectos da súa publicidade, así como no taboleiro de edictos do Concello.

6.-APROBACIÓN DE DOTACIÓN ECONÓMICA PARA OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Primeiro.–Asignar aos grupos políticos a seguinte dotación económica, consistente nun compoñente fixo de 100 €/mes por grupo político e o compoñente variable de 100 €/mes por cada concelleiro adscrito a cada uno deles.

Ditas dotacións cumprirán os seguintes requisitos:

1. Non poderán destinarse a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

2. Ingresase en conta aberta a nome dos grupos políticos no Banco ou Caixa que sinalen.
3. O pago efectuarase por trimestres, contra xustificante expedido polo Portavoz do Grupo, no que se fará constar de forma expresa o número de concelleiros en exercicio adscritos ao Grupo e a declaración de cumprimento do previsto no apartado 1.º.
4. A achega terá carácter incondicionado, polo que non será necesario xustificar o destino dado aos fondos percibidos, sen prexuízo da necesidade de levar unha contabilidade adecuada e conservar os correspondentes xustificantes, que poñerán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este pídao. No seu caso, poderá solicitar o informe da intervención achega do cumprimento das normas que rexen estas dotacións.

Segundo.–Aprobar a citada asignación para o ano 2019 condicionada a aprobación da modificación orzamentaria para dotar de crédito suficiente e adecuado para aprobar as asignacións do presente exercicio.

Terceiro.–Notificar este acordo aos interesados, segundo o establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións, axustándose a práctica de devandita notificación ás disposicións contidas no artigo 41 da Lei 39/2015.”

Cabana de Bergantiños, 18 de xullo de 2019

O alcalde

Asdo.: José Muíño Domínguez

2019/6597